



## **CURSO DE FORMACIÓN TERRAPIAS GRUPAIS E TÉCNICAS PSICODRAMÁTICAS**

### **PROGRAMA**

O Instituto de Técnicas de Grupo e Psicodrama de Galicia (ITGP-G) ofrece Cursos de Formación Profesional en Terapias Grupais e Técnicas Psicodramáticas, inspirados no modelo de formación no Psicodrama Triádico de Madrid, en tres etapas.

Cada Etapa consta de, polo menos, 200 horas de Formación distribuídas en sesións de oito horas entre Outubro e Xuño ó longo de DOUS anos Académicos. A Formación consiste en sesións grupais terapéuticas, procesamento técnico das mesmas, e estudo e desenvolvemento do programa teórico. As sesións son codirixidas, pero existen tamén Seminarios e Talleres monográficos ó longo do curso e para clausurar as Etapas, dirixidos por psicodramatistas invitados doutros Centros en razón da súa condición de expertos en temas específicos. As clausuras son encomendadas ó Director do I.T.G.P., Dr. Pablo Población Knappe, e á coordinadora da sección de Terapia Familiar do mesmo Instituto, D<sup>a</sup> Elisa López Barberá ou a outros Supervisores docentes de escolas acreditadas. Ó rematar cada Etapa, o alumno é sometido a un proceso de avaliación para determinar a súa evolución e aptitudes. Do resultado desta avaliación depende o acceso a seguinte etapa ou a permanencia na anterior para completar as condicións mínimas esixibles. Non se descartan outras modalidades de formación para axustarse a demandas específicas, ou en función dos criterios oficiais esixidos polas Asociacións Científicas que regulan a formación de Psicoterapeutas e avalan a docencia impartida polos seus membros acreditados (AEP, FEAP, FEATF, EAP, IAGP).

#### **PRIMEIRA ETAPA:**

**OBXECTIVOS:** Grupo terapéutico experiencial de evolución persoal.  
Adestramento no rol de ego-auxiliar.  
Adestramento no rol de observador.  
Aprendizaxe das técnicas Psicodramáticas.

#### **TEMARIO:**

1. Encadre Xeral da Psicoterapia de Grupo.
2. Aplicacións da Dinámica Grupal.
3. Orientacións e Modalidades de Psicoterapia de Grupo.
4. Metodoloxía Grupal.
5. Historia do Psicodrama, Definición e Fundamentos Teóricos.
6. Metodoloxía Psicodramática.
7. Factores Terapéuticos.
8. Avaliación e Tratamento das Relacións e os Grupos con Técnicas Activas.
9. Aplicacións do Psicodrama
10. Escolas e Enfoques de Psicodrama:

**ACREDITACIÓN:** Diploma de “Ego-Auxiliar”.



### **SEGUNDA ETAPA:**

**OBXECTIVOS:** Perfeccionamento no rol de ego-auxiliar.  
Perfeccionamento no rol de observador.  
Perfeccionamento técnico.  
Aprendizaxe do rol de director de grupos.

**TEMARIO:**

- 1.- A Terapia Psicodramática.
- 2.- Funcións en Psicodrama.
- 3.- Pautas para o procesamento das sesións.
- 4.- Técnicas para o procesamento das sesións.
- 5.- Role – Playing.
- 6.- Coterapia.
- 7.- Psicodrama Institucional.
- 8.- Aplicacións Clínicas do Psicodrama.
- 9.- Psicodrama Individual e Bipersoal.
- 10.- Psicodrama Infantil e Pedagóxico.
- 11.- Psicodrama e Terapia Sistémica de Familias e Parellas.
- 12.- Teatro da Espontaneidade e as súas variantes (Psicodrama Público, Teatro Espontáneo, Teatro Playback, Dramaterapia...)
- 13.- Psicopatoloxía Básica.

**ACREDITACIÓN:** Diploma de “Psicodramatista – Auxiliar”.

### **TERCEIRA ETAPA:**

**OBXECTIVOS:** Revisión dos roles temidos do ego – auxiliar  
Revisión das escenas temidas do coordinador de grupo.  
Supervisión da práctica clínica e docente.

**TEMARIO:**

- 1.- Lectura e discusión de Textos.
- 2.- Estudo e supervisión de casos.
- 3.- Elaboración e defensa de un TRABALLO DE INVESTIGACIÓN

**ACREDITACIÓN:** Diploma de “Director – Psicodramático”.